

Texto e ilustracións: **BRUNO HEITZ**
Tradución: **DAVID GIPPINI FOURNIER**

Encadernado en cartón. 23x31 cm.

48 páxinas en color. Cómec.

Dispoñible en:

-Galego: "Historias de Mestre Raposo.

Le Roman de Renart"

ISBN 978-84-96957-81-7

-Castelán: "Historias de Maese Zorro.

Le Roman de Renart"

ISBN 978-84-96957-82-4

Prezo: 15 €

HISTORIAS DE MESTRE RAPOSO LE ROMAN DE RENART

El di que é o meu tío. Gustaríame saber de onde sacou esa idea. Para ser o meu tío, tería que ser irmán do meu pai ou da miña nai. E iso non pode ser, porque eu son... Mestre Raposo e el non é máis... que un lobo

Le Roman de Renart, Mestre Raposo, é unha das obras literarias máis antigas escritas en francés. Foi redactada en forma de poemas durante os séculos XII e XIII para parodiar a épica e a novela cortesá da época. Os sucesos que se narran transcorren nunha sociedade animal, antropomórfica, e o seu principal protagonista é Renart, o raposo.


As historietas, distribuídas en capítulos, remóntanse á época medieval: a fame e a penuria acucia os máis desfavorecidos e Mestre Raposo utiliza o enxeño para conseguir alimentos para a súa familia. Este retrato social ambiéntase nun contexto lingüístico acorde, no que os personaxes utilizan fórmulas de respecto para dialogar. Fronte á avaricia dos máis podentes, Mestre Raposo actúa con astucia, exprésase con ironía e fai do engano a súa arma de supervivencia. Ata que o seu maior inimigo o delata ao rei, que o reclama para axustizalo. O desenlace desvélese na segunda parte do libro, co título "Historias de Mestre Raposo 2".

Bruno Heitz adapta este clásico ao cómic e ofrécenos en divertidas viñetas as trepidantes aventuras deste ousado e descarado personaxe que cuestiona a orde establecida.

Á marxe da historieta, Bruno Heitz "deslocaliza" a Maese Zorro e o seu rival para situalos na súa propia casa, en Saint Rémy de Provence, ao sur de Francia. Nunha sucesión de imaxes sen cor, o autor permite que os personaxes descubran a orixe histórica e literaria desta versión, facendo partícipes os lectores do proceso de edición.

BRUNO HEITZ (Francia, 1957)

Autor e ilustrador de álbums ilustrados. Cando tiña 18 anos marchou a Italia pedaleando nunha bicicleta. Iniciou a súa traxectoria como escritor de libros infantís, feitos en branco e negro, que se distribuían nas bibliotecas municipais. Co tempo, ampliou a súa faceta tamén como debuxante, non só de contos, senón de cómics.



■ **Temática:** cómic de temática humorística e picaresca, adaptación dun clásico da literatura francesa dos séculos XII-XIII

■ **Idade recomendada:** dende 7 anos

■ **Aspectos destacables:** animais humanizados; explicación da adaptación e do proceso editorial; o desenlace da historieta desvélese nunha segunda parte titulada "Historias de Mestre Raposo 2"